

# O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

*Prevención, causas e secuelas*



---

**FEGADACE**

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL

# DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O dano cerebral adquirido (DCA) é unha lesión que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron sen dano ningún no cerebro. Esta lesión pode estar causada por unha enfermidade (ictus, tumor cerebral, anoxia, doenza metabólica...) ou por un traumatismo craneoencefálico (motivado por un accidente de coche, laboral, un golpe, unha caída...).

O DCA afecta a máis de 35.000 perosas en Galicia, e calcúlase que se producen arredor de 7.000 novos casos cada ano.

## CAUSAS

### Ictus

Prodúcese cando se interrompe ou reduce drasticamente a subministración de sangue a unha parte do cerebro, privando aos tecidos do cerebro de osíxeno e alimento.

Cando se produce un ictus é fundamental actuar rapidamente. Poden minimizarse as súas secuelas se a intervención se produce nas primeiras tres horas pero, canto máis se tarda en aplicar o tratamento, máis risco hai de que esas secuelas permanezan coa persoa, provocándolle un dano cerebral adquirido.

### Traumatismos

Os traumatismos craneoencefálicos (TCE) están caracterizados pola absorción brusca de gran cantidade de enerxía cinética. A lesións máis habituais son as contusións por golpe e contragolpe, as contusións polo rozamento coas estruturas óseas da base do cráneo e a lesión axonal difusa (dano sobre unha área ampla do cerebro, nos traumas graves).

A principal causa de TCE que acaban desembocando nun dano cerebral son os accidentes de tráfico. Tamén son causas comúns os accidentes laborais, as caídas (especialmente nas persoas maiores), os golpes no deporte ou as pelexas.

## OUTRAS CAUSAS

### Tumor cerebral

### Anoxia

### Doenza metabólica

### Infección cerebral

# 3F

Para a prevención do ictus é vital recoñecer estes tres sinais de alarma\*

*Non mostra todos os dentes ao sorrir*



*Non pode ter os dous brazos elevados á mesma altura mentres conta ata 10*

*Non é capaz de dicir correctamente palabras simples*



## SECUELAS

As secuelas do dano cerebral son diferentes e heteroxéneas, e xeran distintos tipos e niveis de discapacidade segundo a persoa e a lesión.

**MOTORAS** - Trastornos da marcha, inmovilidade de partes do corpo...

**SENSORIAIS** - Afectación ou perda da visión, audición ou olfacto...

**ORGÁNICAS** - Traqueotomía, problemas de control de esfínteres...

**COGNITIVAS** - Alteracións da linguaxe e a memoria, desorientación...

**EMOCIONAIS** - Ansiedade, depresión, apatía.

**CONDUTUAIS** - Inadecuación ás situacións sociais, impulsividade...

**SOCIAIS** - Empobrecemento, risco de exclusión social.

\*Datos e imaxes extraídas do Plan Ictus de Asistencia ao ICTUS - Xunta de Galicia (2016)

# FEGADACE

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL



---

Federación Galega de Dano Cerebral  
Rúa Galeras 17, 2º, Despacho 5  
15705 Santiago de Compostela



[www.fegadace.org](http://www.fegadace.org)



881943148 / 659177709



Fegadace Galicia



@fegadacegalicia



Fegadace



Fegadace